

ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

2021-2022

O Programa municipal de actividade acuática escolar terá lugar nas piscinas municipais da Fábrica, Oleiros e Dorneda desde o 1 de outubro de 2021 ao 15 de xuño de 2022, a actividade terá carácter anual, realizando unha sesión semanal durante todo o curso académico e coincidindo co propio calendario escolar do centro.

MATRÍCULAS

Inscripción: do 13 ao 19 de setembro de 2021. A inscrición realizarase na mesma piscina que lle corresponda segundo a actividade (as persoas participantes na Fábrica deberán inscribirse na piscina de Perillo). **Os formularios repartiranse nos centros de ensino ao comezo do curso escolar** e mais estarán á vosa disposición en calquera das catro piscinas. Debedes levar cuberta a ficha de inscrición anexa polas dúas caras, onde debe constar o voso número de conta para realizar os correspondentes pagamentos mensuais (por domiciliación bancaria).

Documentación a entregar: DNI, xustificante do IBAN e libro de familia numerosa se fose o caso.

Para darse de baixa no curso, deberedes comunicalo na recepción da vosa piscina antes do día 20 de cada mes, evitando así o cargo do recibo do mes seguinte na entidade bancaria.

Sorteo: O sorteo realizarase no auditorio da Fábrica (rúa do Inglés nº 13, Oleiros) na data que se publicará na páxina web municipal no departamento de Deportes.

Prezos Públicos (aprox):

- Educación infantil: non abonado/a **10,04** €/mes
abonado/a **5,29** €/mes
- Educación primaria: non abonado/a **6,83** €/mes
abonado/a **3,60** €/mes

As familias numerosas aplicaráselles os correspondentes descontos segundo a lexislación actual vixente. Nestes casos a inscrición debe ir acompañada dunha fotocopia do correspondente título emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Familia, e debedes deixalo indicado na folla de domiciliación co obxecto de que a empresa xestora realice o desconto oportuno.

RECOMENDACIÓNS BÁSICAS

Lembrade que os/as nenos/as teñen que levar: **bañador, gorro, chanclas e toalla** (este material é obrigatorio) e **optativamente as gafas**.

Como norma xeral, en cada unha das piscinas nas que se desenvolve o programa, un responsable da empresa concesionaria reunirá o grupo no vestíbulo da entrada á piscina, onde pasará lista e posteriormente acompañará o grupo aos vestiarios que lle corresponda. Cada instalación organizará a entrada nos vestiarios como considere oportuno, para lograr unha total operatividade.

No caso dos grupos de infantil, irán acompañados por un adulto responsable e utilizarán o vestiario que lle corresponda segundo o sexo do adulto.

Os nenos maiores de 6 anos deberán cambiarse tamén no vestiario que lles corresponda (masculino, feminino ou habilitado para nenos/grupos), e entrarán acompañados por un adulto do mesmo sexo sempre que os responsables da actividade o consideren necesario para o seu control.

Se algunha nai ou pai tivese interese en mudar de grupo e horario para o seu fillo ou filla deberá comunicalo na recepción da piscina, onde analizarán as posibilidades de realizar o troco en función das prazas vacantes.



PROGRAMA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

Centros de ensino público de infantil e primaria

PISCINA MUNICIPAL DA FÁBRICA (inscricións na piscina de Perillo)

Curso	días	horarios		sinalar opción
CEIP Valle Inclán 3º e 4º curso	luns	18:00	18:50	
CEIP Valle Inclán 1º e 2º curso	martes	18:00	18:50	
CEIP Valle Inclán 4º de Infantil	mércores	17:10	18:00	
CEIP Valle Inclán 5º de Infantil	mércores	18:00	18:50	
CEIP Valle Inclán 6º de Infantil	xoves	17:10	18:00	
CEIP Valle Inclán 5º e 6º curso	venres	17:10	18:00	

PISCINA MUNICIPAL DE OLEIROS

Curso	días	horarios		sinalar opción
CEIP A Rabadeira 4º de Infantil	luns	16:15	17:00	
CEIP A Rabadeira 1º e 2º curso	luns	17:00	17:45	
CEIP A Rabadeira 5º de Infantil	martes	16:15	17:00	
CEIP A Rabadeira 3º e 4º curso	martes	17:00	17:45	
CEIP A Rabadeira 6º de Infantil	mércores	16:15	17:00	
CEIP A Rabadeira 5º e 6º curso	mércores	17:00	17:45	
CEIP Juana de Vega 5º e 6º curso	mércores	17:00	17:45	
CEIP Juana de Vega E. Infantil	xoves	16:15	17:00	
CEIP Juana de Vega 3º e 4º curso	xoves	17:00	17:45	
CEIP Juana de Vega E. Infantil	venres	16:15	17:00	
CEIP Juana de Vega 1º e 2º curso	venres	17:00	17:45	

PISCINA MUNICIPAL DE DORNEDA

Curso	días	horarios		sinalar opción
CEIP Luis Seoane 4º e 5º de Infantil	luns	16:30	17:20	
CEIP Luis Seoane 1º e 2º curso	luns	17:20	18:10	
CEIP Parga Pondal 1º e 2º curso	martes	16:30	17:20	
CEIP Parga Pondal 5º e 6º curso	martes	17:20	18:10	
CEIP Parga Pondal 3º e 4º curso	mércores	17:20	18:10	
CEIP Parga Pondal 4º e 5º de Infantil	xoves	16:30	17:20	
CEIP Parga Pondal 6º de Infantil	xoves	17:20	18:10	
CEIP Luis Seoane 6º de Infantil	venres	16:30	17:20	
CEIP Luis Seoane 3º e 4º curso	venres	17:20	18:10	
CEIP Luis Seoane 5º e 6º curso	martes	17:20	18:10	

- Inscrición: do 13 ao 19 de setembro de 2021
- Comezo: 1 de outubro de 2021 ao 15 de xuño de 2022



Máis información:

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-deportes-turismo-formacion-e-emprego/deportes>

Servizo Municipal de Deportes

Cortar por aquí

